



MANUAL
PARA O ESTABLECEMENTO
DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN
DE CONTAXIOS DO SARS-CoV-2
NO SECTOR DO COMERCIO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rev. 1 - Xullo 2020



VERIFICADO POR:



ÍNDICE

1 /	OBXECTO.....	3
2 /	ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	3
3 /	DISTRIBUCIÓN DO MANUAL.....	3
4 /	ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES.....	3
5 /	DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA.....	4
6 /	ANÁLISE DE RISCOS DERIVADOS DA PRESENZA DA COVID-19 NO SECTOR DO COMERCIO.....	5
7 /	DESCRIBIÓN DE MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE CONTAXIOS.....	9
	7.1 Medidas de limpeza e desinfección dos establecementos	
	7.2 Medidas relativas á hixiene das persoas traballadoras	
	7.3 Medidas para a prevención da concentración masiva de persoas	
	7.4 Medidas relativas á hixiene da clientela no interior das instalacións	
	7.5 Medidas relativas ao desenvolvemento da actividade comercial	
	7.6 Medidas específicas para ventilación e climatización dos locais	
	7.7 Comunicación das medidas	
8 /	XESTIÓN DE SITUACIÓNS DE NON CONFORMIDADE.....	14

1 OBXECTO

1.1 / Este manual ten por obxecto establecer os protocolos de seguridade que deberán cumprir os establecementos comerciais para previr a aparición da infección xerada polo SARS-CoV-2.

2 CAMPO DE APLICACIÓN

2.1 / Este manual aplícase aos establecementos comerciais do concello de Santiago de Compostela namentres dure a situación de alerta sanitaria como consecuencia da aparición da pandemia da covid-19 xerada polo SARS-CoV-2.

3 DIFUSIÓN DO MANUAL

3.1 / Este manual entregaráselles establecementos comerciais de Santiago de Compostela, en papel ou soporte informático en formato non editable. Deberá ser substituído no caso de existiren modificacións.

4 ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES

4.1 / A persoa propietaria do establecemento é a responsable de:

- Dispor dos elementos de seguridade necesarios para o cumprimento das medidas establecidas neste manual, así como na normativa de referencia.
- Darlle a información e a formación necesarias ao persoal, para garantir o cumprimento das medidas de prevención previstas.
- Solicitalle ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais a documentación actualizada, na que se recollan os riscos asociados á covid-19, especialmente nos casos en que exista persoal vulnerable.

4.2 / A persoa encargada do establecemento é a responsable de:

- Verificar que o establecemento dispón de todas as medidas previstas.
- Verificar que o persoal dispón dos medios e leva a cabo as medidas de protección previstas.
- Pór en marcha as medidas de control de capacidade, en caso de que exista risco de superar a capacidade máxima permitida no establecemento.
- Informar a persoa propietaria do establecemento de calquera incidencia que se poida rexistrar.
- Avisar as autoridades competentes no caso de reiteración nos incumprimentos por parte da clientela.

4.3 / Todo o persoal do establecemento é o responsable de:

- Atender o persoal nas condicións que garantan o cumprimento das medidas establecidas neste manual.
- Dispor dos medios de protección previstos neste manual e facer uso axeitado deles.
- Informar a clientela das medidas de protección previstas.

- Vixiar polo cumprimento das medidas de protección establecidas, e informar a persoa encargada do establecemento no caso de se ter detectado algunha anomalía.
- Asegurar que se realizan as actividades de limpeza e desinfección cando sexan necesarias.

5 DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

5.1 / Na elaboración deste manual tivéronse en conta as seguintes referencias:

- Orde SND/388/2020, do 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, e a apertura de arquivos, así como para a práctica do deporte profesional e federado.
- [Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.](#)
- [Orde TMA/400/2020, do 9 de maio, pola que se establecen as condicións a aplicar na fase I da desescalada en materia de mobilidade e se fixan outros requisitos para garantir unha mobilidade segura.](#)
- Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Orde SND/458/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- [Orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.](#)
- [Orde TMA/424/2020, do 20 de maio, pola que se modifican a Orde TMA/ 384/2020, do 3 de maio, pola que se ditan instrucións sobre a utilización de máscaras nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a unha nova normalidade; e a Orde TMA/419/2020, do 18 de maio, pola que se actualizan as medidas en materia de ordenación xeral da navegación marítima adoptadas durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 ao proceso de desescalada.](#)
- Orde SND/442/2020, do 23 de maio, pola que se modifica a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da FASE 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e a Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da FASE 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- [Orde SND/445/2020, do 26 de maio, pola que se modifica a Orde SND/271/2020, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da FASE 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.](#)
- Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Saíde, pola que se dá publicidade do Acordo do consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria

ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

- Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta, do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus no comercio. Xunta de Galicia.
- UNE-EN 14476:2014+A1:2015: Antisépticos e desinfectantes químicos.
- Listaxe de produtos virucidas autorizados e rexistrados en España que teñen demostrado eficacia fronte ao virus atendendo á Norma UNE-EN 14476. Antisépticos e desinfectantes químicos. Ensaio cuantitativo de suspensión virucida dos antisépticos e desinfectantes químicos utilizados en medicina (listaxe de virucidas autorizados en España para uso ambiental (TP2), industria alimentaria (TP4) e hixiene humana (PT1).
- Recomendacións de operación e mantemento dos sistemas de climatización e ventilación de edificios e locais para a prevención da propagación do SARS-CoV-2. Ministerio de Sanidade.
- Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS.CoV-2. Ministerio de Sanidade.
- Procedemento de actuación fronte a casos de infección polo novo coronavirus (SARS-CoV-2). Ministerio de Sanidade.
- Medidas hixiénicas para a prevención de contaxios da COVID-19. Ministerio de Sanidade.
- Boas prácticas nos centros de traballo. Medidas para a prevención de contaxios da COVID-19. Ministerio de Sanidade.

6 ANÁLISE DE RISCOS DERIVADOS DA PRESENZA DA COVID-19 NO SECTOR DO COMERCIO

6.1.1 / O sector do comercio en Santiago establece unha análise de riscos e oportunidades derivadas da covid-19, baseada nun estudo DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). Para a identificación dos riscos e oportunidades, teranse en conta:

- **Factores internos:** Dependén directamente de cada establecemento. Diferéncianse en:
 - o **Fortalezas:** Son os puntos fortes dos establecementos na resposta ante os posibles riscos.
 - o **Debilidades:** Son os puntos febles no sector, que poden xerar riscos.
- **Factores externos:** Son aqueles factores que, sendo alleos á capacidade de actuación dos establecementos, poden xerar riscos. Diferenciámoslos en:
 - o **Oportunidades:** Son aqueles aspectos que supoñen unha vantaxe na loita contra a propagación da enfermidade.
 - o **Ameazas:** Son aqueles aspectos que poden contribuír á propagación da enfermidade.

6.1.2 / O resultado da análise recóllese nas seguintes táboas:

FACTORES INTERNOS	
FORTALEZAS <ul style="list-style-type: none">• Comercio xeralmente con espazos menores de 400 m².• Número reducido de persoas traballadoras.• Capacidade de adaptación ás novas circunstancias.	DEBILIDADES <ul style="list-style-type: none">• Posible falta de adaptación do persoal aos requisitos sanitarios.• Non disposición en todos os casos de servizos específicos de limpeza.• Falta de control sobre as mercadorías manipuladas pola clientela.• Redución da facturación e da rendibilidade.• Posibilidade de contaxio dunha persoa traballadora.• Capacidade reducida.

FACTORES EXTERNOS	
OPORTUNIDADES <ul style="list-style-type: none">• Existencia no mercado de produtos para a desinfección.• Existencia de protocolos previos establecidos das autoridades sanitarias para facilitar a adaptación dos comercios.• Axudas públicas para a adaptación dos comercios aos requisitos establecidos pola situación sanitaria.	AMEAZAS <ul style="list-style-type: none">• Situación en zona de tránsito turístico.• Cambios normativos constantes.• Posibilidade de cambios de fase cara atrás, no caso de gromos.• Incumprimento das medidas de protección por parte dalgunhas persoas.• Posibilidade de non dispor de produtos ou materiais sanitarios no mercado.

6.1.3 / Unha vez realizada a análise, procédese á cuantificación dos riscos. Para isto teranse en conta os seguintes aspectos:

- Probabilidade de ocorrencia: fai referencia á posible aparición do risco referido.
 - Pouco probable: Fai referencia a aquelas circunstancias que se poden dar menos dunha vez á semana. Na valoración levan unha puntuación de 1.
 - Probabilidade media: Fai referencia a aquelas circunstancias que se poden dar polo menos unha vez á semana. Na valoración levan unha puntuación de 2.
 - Altamente probable: Refírese a aqueles casos que se poden dar cunha probabilidade igual ou superior a unha vez ao día. Na valoración levan unha puntuación de 3.

- Severidade:
 - Pouco severo: Refírese a aqueles casos nos que a incidencia prevista sexa puntual. Na valoración levan unha puntuación de 1.
 - Severidade media: Refírese a aqueles casos nos que a incidencia poida acadar a un número máximo de ata 10 persoas. Na valoración asígnaselles unha puntuación de 2.
 - Altamente severo: Refírese a aqueles casos nos que a incidencia pode afectar a un número superior ás 10 persoas. Na valoración dáselles unha puntuación de 3.

- Gravidade: O valor para a gravidade estará en función do produto da probabilidade pola severidade.
 - Leves: Terán esta consideración aqueles aspectos cunha puntuación de 1-3.
 - Graves: Terán esta consideración aqueles aspectos que acaden unha puntuación de 4-6.
 - Moi graves: Terán esta consideración aqueles aspectos para os que se acade unha puntuación de 9.

ASPECTO	RISCO	VALORACIÓN			XESTIÓN
		P	S	G	
Posible falta de adaptación do persoal aos requisitos sanitarios	Contaxios entre traballadores/as	1	3	3	Estabéllese plan de formación conforme ao anexo 1.
Non disposición en todos os casos de servizos específicos de limpeza	Redución das condicións hixiénico-sanitarias e incremento da posibilidade de contaxios	1	3	3	Reforzo das operacións de limpeza con persoal propio.
Falta de control sobre as mercadorías	Redución das condicións hixiénico-sanitarias e incremento da posibilidade de contaxios	1	3	3	Atención personalizada a cada cliente. Control sobre as zonas nas que transitan a clientela. Desinfección frecuente de zonas de traballo e produtos.
Posibilidade de contaxio dun traballador	Peche do establecemento	1	3	3	Información aos traballadores da forma de actuación no caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19.
Posibilidade de superar a capacidade máxima permitida	Incremento da posibilidade de contaxios	1	2	2	Establecerase un control de acceso, dispondó dunha persoa para garantir que non entra máis persoal do autorizado.
Situación en zona de tránsito turístico	Posibilidade de presenza do virus por importación a través de turistas	2	3	6	Incremento das medidas de control establecidas no presente manual. En especial vixiarase o uso de máscaras entre a clientela, vixiarase o uso de xel hidroalcohólico por parte da clientela, avisarase de que non se toquen os produtos, e controlárase a capacidade.
Posibilidade de cambios de fase cara a atrás	Incremento do risco de contaxio	1	3	3	Adecuación das medidas aos requisitos dispostos na normativa. Redución de capacidades. Incremento da vixilancia para garantir o cumprimento das medidas.
Incumprimento das medidas de protección por parte dalgunhas persoas	Incremento do risco de contaxio	1	3	3	Informarase á persoa da obrigatoriedade de dispor das medidas de protección previstas, así como de seguir os protocolos establecidos. No caso de persistir, invitaráselle a abandonar o local. No caso de persistir, darase aviso ás forzas e corpos de seguridade. (Policía Local ou Nacional)
Posibilidade de non dispor de produtos ou materiais sanitarios no mercado	Redución das condicións hixiénico-sanitarias e incremento da posibilidade de contaxios	1	3	3	Provisión de produtos en cantidade suficiente para garantir que non se esgotan. Previsión de compras antes de que se acabe o produto almacenado. No caso de non dispor de produtos de limpeza ou elementos de protección, reducirase a actividade do establecemento ata garantir que se dispón dos medios precisos.

Rev. 1 - Xullo 2020

7 DESCRIPCIÓN DE MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE CONTAXIOS

7.1 / MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE ESTABLECEMENTOS

7.1.1 / Os establecementos comerciais realizarán polo menos dúas limpezas e desinfeccións diarias das instalacións, de tal xeito que unha limpeza farase, obrigatoriamente, ao final do día.

7.1.2 / Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo nos cambios de quenda, con especial atención a mostradores, mesas e outros elementos de traballo, tales como anteparos, teclados, terminais de pago, pantallas táctiles etc.

7.1.3 / Para a limpeza e desinfección das instalacións e elementos, empregaranse produtos de limpeza axeitados ao elemento que cómpre limpar. Na desinfección empregaranse produtos autorizados polas autoridades sanitarias, que teñan amosada eficacia ante o SARS-CoV-2.

7.1.4 / Disporase dunha provisión suficiente de materiais de limpeza que garanta que se poden levar a cabo as tarefas de limpeza e desinfección

7.1.5 / Reforzaranse as tarefas de limpeza e desinfección do local e das superficies máis susceptibles de seren tocadas (mostradores, pomos de portas, computador, TPV, probadores, aseos, perchas, carros, cestas, billas, e outros elementos de similares características).

7.1.6 / O persoal que realice a limpeza, unha vez finalizado o traballo, e tras desposuírse de luvas e máscara, debe realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos durante 40-60 segundos.

7.1.7 / A roupa de traballo, e aqueles EPI que non sexan dun só uso, deberán ser desinfectados ao finalizar a xornada de traballo. O lavado deles farase coa periodicidade normal.

7.1.7 / A metodoloxía de limpeza, frecuencias e responsabilidades estarán recollidas no anexo 3, no que se rexistrará tamén a evidencia de se teren efectuado as operacións previstas.

7.1.8 / No caso de que se detecte algún incumprimento, procederase ao rexistro segundo o establecido no punto 7 deste manual.

7.2 MEDIDAS RELATIVAS Á HIXIENE DAS PERSOAS TRABALLADORAS

7.2.1 / O establecemento disporá de forma permanente de auga e xabón, xeles hidroalcolícos ou desinfectantes con actividade virucida e desinfectante autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans.

7.2.2 / Cando non se poida garantir a distancia interpersonal de seguridade de polo menos 1,5 metros, as persoas traballadoras disporán de equipos de protección axeitados ao nivel de risco.

7.2.3 / En todo caso, todo o persoal deberá estar formado e informado sobre a utilización dos equipos de protección.

7.2.4 / A disposición dos postos de traballo, a organización dos quendas e o resto de condicións de traballo existentes serán axeitadas para garantir a posibilidade de ter unha distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre as persoas traballadoras. As medidas de distancia previstas deberanse cumprir do mesmo xeito nas zonas de vestiarios, armarios e aseos do persoal traballador, así coma en calquera outra zona de uso común.

7.2.5 / Se un traballador ou traballadora comeza a ter síntomas compatibles coa enfermidade, contactará de inmediato co teléfono habilitado pola Xunta de Galicia (900 400 116), e, no seu caso, co servizo de prevención de riscos laborais. A persoa traballadora colocará unha máscara, e abandonará o posto de traballo ata que a súa situación médica sexa valorada polo persoal sanitario. Será responsabilidade do resto de traballadores e traballadoras que teñan estado en contacto coa persoa afectada estar a disposición das autoridades sanitarias e seguir as indicacións facilitadas por elas. No caso de que se teña detectado un positivo, todas as persoas que sexan requiridas, gardarán o confinamento segundo as indicacións das autoridades. O establecemento será sometido a unha profunda limpeza e desinfección que afectará a todos o elementos e produtos dispoñibles.

7.2.6 / No caso de que se detecte algún incumprimento, procederase ao rexistro segundo o establecido no punto 7 deste manual.

7.2.7 / No caso no que se teña previsto o emprego de EPI dun só uso, disporase de colectores ou papeleiras, preferiblemente con tapa, pedal e bolsa cambiabile, nos accesos ao comercio. As papeleiras limpanse con frecuencia de, polo menos, unha vez ao día.

7.3 MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE CONCENTRACIÓN MASIVA DE PERSOAS

7.3.1 / Os establecementos controlarán a capacidade máxima permitida para garantir a distancia mínima interpersonal de 1,5 a 2 metros. A capacidade máxima deberá estar exposta segundo o establecido no punto 7.5 deste manual, relativo á comunicación. En función da fase, as capacidades máximas permitidas non superarán en ningún caso as recollidas na seguinte táboa:

Tipo de establecemento	Fase 1	Fase 2	Fase 3	Nova Normalidade
Establecemento comercial con superficie inferior a 400 m ² fóra de centro comercial	30% da capacidade máxima	40% da capacidade máxima	50% da capacidade máxima	75% da capacidade máxima
Establecemento comercial con superficie inferior a 400 m ² situado no interior dun centro comercial	Non permitido	40% da capacidade máxima	50% da capacidade máxima	75% da capacidade máxima
Establecemento comercial con superficie superior a 400 m ² fóra de centro comercial	Non permitido	40% da capacidade máxima	50% da capacidade máxima	75% da capacidade máxima
Establecemento comercial con superficie superior a 400 m ² situado no interior dun centro comercial	Non permitido	40% da capacidade máxima	50% da capacidade máxima	75% da capacidade máxima
Zonas comúns de centros comerciais	Non permitido	30% da capacidade máxima	40% da capacidade máxima	50% da capacidade máxima

Notas:
1 No caso de que o establecemento dispoña de varios andares, non se superará a proporción en ningún deles.
2 Establecerase un horario de atención preferente a maiores de 65 anos.

7.3.2 / No caso de ser necesario, organizarase a entrada da clientela por quendas, respectando a distancia de seguridade na espera e a ocupación máxima autorizada. No caso das actividades de prestación de servizos nas que sexa posible, a atención farase con cita previa, evitando a presenza innecesaria de persoas nas instalacións.

7.3.3 / Sinalizarase o chan mediante cintas adhesivas ou postes separadores que proporcionen distancias mínimas entre a clientela que fai cola para ser atendida, a caixa etc.

7.3.4 / A distancia interpersonal na atención ao público será de 1,5 - 2 metros. De non ser posible, e en todo caso garantindo a distancia mínima de 1 metro, utilizaranse elementos de protección, como pantallas faciais ou pantallas de separación de metacrilato ou similares, de fácil limpeza e desinfección.

7.3.5 / Organizarase o percorrido de entrada e saída, coa finalidade de dirixir o fluxo de persoas que entran en saen do comercio co fin de evitar o contacto.

7.3.6 / No caso de que un cliente non faga uso das medidas de protección establecidas, será invitado a cumprir as normas. No caso de persistir no seu comportamento, será convidado a abandonar o local. No caso de persistir no seu comportamento, procederase a avisar as forzas e corpos de seguridade, indicando o nome do establecemento, a situación, o motivo do aviso e o risco xerado. Os teléfonos de aviso son:

- Policía Local: Teléfono 092
- Policía Nacional: Teléfono 091

7.4 MEDIDAS RELATIVAS Á HIXIENE DA CLIENTELA NO INTERIOR DAS INSTALACIÓNS

7.4.1 / O tempo de estancia nos establecementos comerciais será o mínimo indispensable para que a clientela poida facer as súas compras ou percibir a prestación dos servizos.

7.4.2 / O uso de máscara é obrigatorio. Deberase comunicar esta circunstancia, evitando a entrada no establecemento das persoas que non dispoñan dela.

7.4.3 / Os establecementos deberán pór a disposición do público dispensadores de xel hidroalcolico ou desinfectante con actividade virucida, autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, que deberán situarse polo menos na entrada do local. Os dispensadores deberán estar en condicións de uso.

7.4.4 / Recoméndase o uso de luvas desbotables por parte da clientela, especialmente en establecementos de alimentación. No caso no que se esixa o uso de luvas, disporase de colectores ou papeleiras, preferiblemente con tapa, pedal e bolsa cambiabile, nos accesos ao comercio. As papeleiras limpanse con frecuencia de, polo menos, unha vez ao día.

7.5 MEDIDAS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL

7.5.1 / Evitarase pór a disposición da clientela produtos de proba non destinados á venda, tales coma cosméticos, perfumes ou similares que requiran manipulación directa da clientela.

7.5.2 / Solicitaráselle á clientela que non manipule os artigos que non vaian mercar.

7.5.3 / Nos establecementos do sector comercial téxtil e arranxos de roupa, os probadores deberán utilizarse por unha única persoa. Despois do seu uso limpanse e desinfectaranse.

7.5.4 / No caso de que o cliente probe un produto que posteriormente non adquira, existindo contacto directo con el, a persoa titular do establecemento implementará as medidas necesarias para garantir a súa hixienización antes de que sexa facilitada a outros clientes. Esta medida será aplicada tamén ás devolucións de produtos realizadas pola clientela.

7.5.5 / Na atención á clientela, un mesmo traballador ou traballadora non poderá atender a máis dun cliente de xeito simultáneo.

7.5.6 / Priorizarase o pago mediante tarxeta de crédito, teléfono móbil ou calquera outro medio telemático sobre os pagos en efectivo.

7.6 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A VENTILACIÓN E CLIMATIZACIÓN DOS LOCAIS

7.6.1 / Antes da reapertura do establecemento farase unha revisión da instalación de ventilación e climatización, na que se asegure a limpeza e cambio dos filtros de aire exterior en caso de ser necesario, para maximizar no posible o caudal de ventilación.

7.6.2 / Aumentarase na medida do posible a ventilación dos espazos con aire exterior, pechando a recirculación de aire no caso de existir.

7.6.3 / Realizarase ventilación natural abrindo portas e fiestras o maior número de horas posible, preferentemente desde unha hora antes da apertura do establecemento ata unha hora despois do peche del.

7.6.4 / Priorizarase a ventilación con aire exterior sobre a climatización e a eficiencia enerxética.

7.6.5 / No caso de ser necesarios labores de mantemento dos equipos, faranse fóra do horario de apertura ao público, e empregando medidas de protección para evitar os contaxios por covid-19.

7.6.6 / Nas instalacións que o admitan, recoméndase instalar sistemas de purificación do aire como os da luz ultravioleta.

7.7 COMUNICACIÓN DAS MEDIDAS

7.7.1 / A dirección do establecemento dará formación e información ás persoas traballadoras respecto das medidas de protección fronte á covid-19 establecidas no presente manual, e na que se incluírá, polo menos, a seguinte información:

- A enfermidade: causas, síntomas, forma de transmisión e propagación.
- Limitacións establecidas pola normativa: control de capacidades, sinalización...
- O uso de EPI.
- As medidas preventivas para evitar contaxios.
- As medidas específicas de limpeza e desinfección.

7.7.2 / A dirección do establecemento facilitará a colocación en lugar visible, e na zona de acceso, dun ou varios carteis nos que figure a seguinte información:

- Horario de apertura e peche.
- Horario de atención preferente a persoas maiores de 65 anos, que constitúen grupo de risco.
- A capacidade máxima do establecemento en condicións normais, e a capacidade máxima permitida no momento.
- Obrigatoriedade de uso de máscara para acceder ao establecemento.
- A obrigatoriedade de uso de xel hidroalcolico para as mans no acceso ao establecemento.

8 XESTIÓN DE SITUACIÓNS DE NON CONFORMIDADE

8.1 / No caso de aparecer algunha desviación respecto do previsto, procederase á apertura dun informe de non conformidade no que se incluírá a seguinte información:

- Descrición do incumprimento ou situación de non conformidade.
- No caso de que exista a posibilidade de repetición da situación, ou ben no caso de que se teña dado a reiteración, recollerase un análise das causas polas que se ten producido a non conformidade.
- Accións reparadoras: Estableceranse as accións para corrixir a situación anómala detectada, con indicación da medida, a persoa responsable de levala a cabo e o prazo para que se leve a cabo.
- Accións correctivas: No caso de que exista posibilidade de reiteración na situación de non conformidade; ou ben no caso de que se teña dado a reiteración, será responsabilidade do establecemento tomar as accións que sexan precisas para evitar unha nova aparición da situación de non conformidade.

8.2 / O establecemento levará a cabo un seguimento das accións reparadoras e, de ser o caso, das accións correctivas para comprobar o seu correcto estado de implantación, e maila súa eficacia.

8.3 / A organización gardará rexistro dos informes de non conformidade xerados, incluíndo tanto a información contida no apartado 6.1 deste manual coma o rexistro da eficacia das accións tomadas, segundo se describe no apartado 6.2 do manual.

ANEXO 1: REXISTRO DE FORMACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

Data:
Lugar:
Motivo: Explicación da utilización dos medios e equipos de protección para a prevención de contaxios por SARS-CoV-2, con incidencia nos seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none">• A enfermidade: causas, síntomas, forma de transmisión e propagación.• Limitacións establecidas pola normativa: control de capacidade, sinalización...• Uso de EPI.• Medidas preventivas para evitar contaxios.• Medidas específicas de limpeza e desinfección.
Asistentes:
Avaliación da eficacia:

Sinatura da persoa responsable: _____

Rev. 1 - Xullo 2020

ANEXO 2: XUSTIFICANTE DE ENTREGA DE EPI

TRABALLADOR/A:	
EPI ENTREGADOS	Data de entrega
Máscaras	
Pantalla protectora	
Luvas	
Uniforme de traballo	
...	

Sinatura do/a traballador/a: _____

ANEXO 3: PLAN DE LIMPEZA

ESTABLECEMENTO:			
DATA:			
ELEMENTO	METODOLOXÍA DE LIMPEZA	PRODUTO EMPREGADO	HORA E RESPONSABLE:
Solos	Varrido con vasoira e fregado con mopa con deterxente e/ou desinfectante		
Mostradores	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Mesas	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Expositores	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Pasamáns, pomos	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Teléfonos, ordenadores, TPV e similares	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Cariños, cestos ou similares	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Papeleiras	Fregado con pano con deterxente e/ou desinfectante		
Produtos manipulados e non adquiridos pola clientela	Desinfección mediante pulverización de produto de contacto, ozono, ultravioleta ou outros.		
Roupa de traballo, EPI	Desinfección mediante pulverización de produto de contacto, ozono, ultravioleta ou outros.		

Rev. 1 - Xullo 2020

ANEXO 4: REXISTRO DE INSPECCIÓN DO CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS PREVISTAS


ESTABLECEMENTO:			
DATA:			
ELEMENTO	CUMPRE (SI/NON)		OBSERVACIÓNS
O establecemento ten comunicado a capacidade máxima permitida.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de sinalización para manter a distancia de seguridade.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de sinalización de entrada e saída para evitar o cruzamento de persoas.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de dispensador de xel hidroalcolico a disposición da clientela, en condicións de uso	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de anteparos ou elementos de protección para a atención ao público, fáciles de lavar e desinfectar.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento ten establecido e comunicado un horario preferente de atención a maiores de 65 anos	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de medios de pago telemáticos	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de produtos de limpeza e desinfección autorizados polas autoridades sanitarias, e en cantidade suficiente para garantir que se poden desenvolver as actividades.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento dispón de control das operacións de limpeza e desinfección levadas a cabo	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
O establecemento adoptou as medidas precisas para a atención ao persoal vulnerable (no caso de haber)	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	

Sinatura da persoa responsable: _____

Rev. 1 - Xullo 2020

DATA:		
DESCRICIÓN DA NON CONFORMIDADE:		
ANÁLISE DAS CAUSAS:		
ACCIÓNS REPARADORAS (Para corrixir o efecto da non conformidade)		
ACCIÓN	RESPONSABLE	PRAZO
ACCIÓNS CORRECTIVAS (Para evitar a repetición da non conformidade)		
ACCIÓN	RESPONSABLE	PRAZO
ANÁLISE DA EFICACIA DAS MEDIDAS TOMADAS:		

Sinatura da persoa responsable: _____



CONCELLO DE
SANTIAGO

VERIFICADO POR:

